

ENQUISA SOBRE PRIMEIROS AUXILIOS

- 1) Vas correndo polo patio e atopas un neno tirado no chan que se mancou, que fas?
 - a) Corro a avisar ó primeiro adulto que atope e o deixo só.
 - b) Primeiro busco alguén que quede con el e, despois, vou buscar a un adulto.
 - c) O deixo que busque axuda e marchoo xogar que teño que disfrutar do recreo.

- 2) Estás xogando cun compañeiro, leva un golpe e chora moito, como debes falar con el?
 - a) Dígolle que non chore que non pasa nada e, se chora moito, aviso a un adulto.
 - b) Non lle fago caso porque seguro que é mimo, así que marchoo e sigo a xogar.
 - c) Pregúntolle que lle doe e intento tranquilizalo pero, se non podo, marchoo.

- 3) En que casos hai que avisar a un adulto cando un neno leva un golpe?
 - a) Cando chora moito aínda que non lle pasara nada.
 - b) Cando vemos que levou un golpe moi forte e teñen que facerlle as curas.
 - c) Sempre.

- 4) Se houbera varios nenos accidentados, a quen atenderíades primeiro?
 - a) Ó que chore máis.
 - b) Ó que teña a ferida máis grave.
 - c) Ó primeiro que atope.

- 5) Que é o primeiro que debemos comprobar cando vemos un ferido?
 - a) Se respira e lle late o corazón.
 - b) Se responde ás nosas preguntas e entende o que lle decimos.
 - c) Se é o noso amigo.

- 6) A un neno que levou un golpe grande ou na cabeza, o debemos mover a xunto dun adulto?
 - a) Non, debemos deixalo con alguén e ir buscar un adulto para que veña.
 - b) Si, porque así chegaremos antes xunto o adulto.
 - c) Non, aínda que se vemos que está ben o poderemos mover.

- 7) Cando un neno ten unha ferida e non hai maiores ó redor, que fas?
 - a) Poñerlle calqueira cousa apretando para que deixe de sangrar.
 - b) Non tocar a ferida e intentar buscar a alguén.
 - c) Berrar ata que me escoite alguén.

8) Que hai que facer para curar unha ferida?

- a) Botarlle auga e xabón e deixalo ó aire.
- b) Poñerlle algún medicamento como Betadine e unha tiritita enriba.
- c) Non botar nada porque curará soa e as curan doen moito.

9) Que debes facer cando tes unha queimadura?

- a) Botarlle moita auga.
- b) Tapala cun pano.
- c) Nada porque doe moito.

10) Que elementos debe haber nunha caixa de emerxencias?

- a) Tesoiras, pegamento e gasas.
- b) Tesoiras, gasas e esparadrapo.
- c) Gasas, apiretal e betadine.

11) Se ves que na escola hai un pequeno incendio, como debes actuar?

- a) Marcho a clase e agardo a que alguén o intente apagar.
- b) Intento apagalo con auga.
- c) Saio correndo a avisar a un adulto.

12) Que perigos non podes atopar na escola?

- a) Furados perigosos no chan.
- b) Tellas que se desprenden dos tellados.
- c) Na escola podes atopar todo tipo de perigos.